

Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

O pasado venres 20 de maio tiven a ocasión de acudir á sede provincial do Partido Popular de Pontevedra, invitado como presidente da Federación de ANPA de centros públicos da provincia de Pontevedra (FANPA), para escoitar e participar da súa intervención en defensa da actuación do seu goberno en materia de educación. Tras escoitar con atención o que nos tiña vostede que dicir, e aínda entendendo que se trataba dun acto político que tiña como obxectivo aos simpatizantes do seu partido, debo expresar a miña máis fonda preocupación polo que alí tivo a ben contarnos, porque revela unha profunda falla de entendemento respecto do que os cidadáns esperamos dun representante público que xestiona un ben crítico como é o sistema educativo, especialmente o sistema educativo público. Tratándose dun acto privado non consideraba oportuno comentar publicamente o contido e as consideracións alí manifestadas. Pero ó luns seguinte, 23 e maio, vostede expresou as mesmas opinións publicamente. Polo tanto, considero un acto de lealdade institucional para co goberno da miña Comunidade explicarlle aqueles aspectos que, ao meu entender, espertan alarmas máis que xustificadas.

Vostede expresaba o desexo de que o ámbito educativo quedase fóra do debate político a todos os niveis, tanto de partido, como sindical e por parte das ANPA, supoño que alarmado pola indiscutible maioría que contestou estes días á proba de reválida de sexto de primaria, e digo reválida plenamente consciente do seu significado, tal como argumentarei máis adiante. Pero vostede sabe tan ben coma min, que a non política é, ela mesma, unha forma de política, moito máis lesiva para a convivencia democrática. As ANPA temos todo o dereito a facer política e recoñecemos que a facemos, dende o momento que exercemos a nosa cidadanía, e poñemos en valor o dereito e a obriga que o **artigo 27.7 da Constitución Española** expresa:

Os profesores, os pais e, no seu caso, os alumnos, intervirán no control e xestión de todos os centros sostidos pola Administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza.

Outra cousa moi distinta é que os cidadáns desexemos un consenso estable que dea froito nunha lexislación de consenso, que teña as vistas postas nun horizonte educativo do século XXI. O que eu podo garantirlle, señor conselleiro, é que das máis de 170 ANPA federadas na FANPA, non coñezo ningunha que non manifeste unha absoluta neutralidade política. A propia Xunta Directiva desta Federación é unha xuntanza de todo tipo de sensibilidades, pero que deixan as súas diferenzas pola defensa dun ben fundamental como é o ensino público. Recórdolle que este que lle escribe foi concelleiro do seu partido no seu momento, polo que acusar á FANPA (e as ANPA asociadas) de politización constitúe unha acusación infamante, de mal gusto, e que podería ser empregada contra vostede polo resto dos grupos políticos que forman a oposición.

Xustificaba vostede a súa crítica ás ANPA polo acaecido estes días coa oposición á reválida de sexto, acusándonos de desinformar, de crear alarma e de impoñer ás familias a oposición ao exame. Recórdolle que FANPA Pontevedra non promoveu o boicot á proba por diversos motivos, pero fundamentalmente porque non estamos de acordo en manifestar a desconformidade cunha lei alentando o seu incumprimento. Por outra parte, afirmaba vostede que as probas de primaria son unicamente diagnósticas e non avaliativas, e que polo tanto, chamarlle reválidas é falsear a realidade. Todo iso dentro dunha reflexión máis profunda, onde reconece defectos de “xestión” na redacción da LOMCE pola incapacidade do antigo Ministro de Educación, pero que debemos perdoar pois ten o obxectivo de mellorar a calidade recollendo o mellor da anterior lexislación e porque é a primeira lei que o espectro ideolóxico da dereita aproba en toda a democracia, e considera vostede un dereito exercer esa capacidade de legislar, polo que debemos darlle tempo para que a lei comece a dar froito. Sobre a reválida, probablemente teña vostede razón, e teñamos que chamarlle tal e como denominan a LOMCE e o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de primaria na Comunidade Autónoma de Galicia: **avaliación individualizada**.

A propia **LOMCE**, no seu **artigo 20.3** define a **avaliación individualizada** de terceiro de primaria:

Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas ao finalizar o terceiro curso de Educación Primaria, segundo dispoñan as Administracións educativas, nas que se comprobará o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias e extraordinarias máis axeitadas.

E no **artigo 21.1** define a **avaliación de sexto de primaria** como:

Ao rematar o sexto curso de Educación Primaria, realizarase unha avaliación individualizada a todos os alumnos e alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.

O mesmo se recolle no **currículo de primaria** no seu **artigo 12.7**:

Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de

adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.

E no **artigo 12.8** sobre a avaliación de sexto:

Ao rematar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.

Xa podemos adiantar que, en ningún destes artigos de ambos textos legais se definen as probas como diagnósticas; pola contra, denomínanse avaliacións, e as avaliacións avalían. Parece surrealista ter que recordarlle a vostede o que a lei di.

Agora falta ver o que a lei lle permite avaliar ás probas. Neste sentido o **artigo 20.2** da **LOMCE** di:

O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos e acadou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación. Atenderase especialmente aos resultados acadados da avaliación individualizada ao finalizar o terceiro curso da Educación Primaria e do final da Educación Primaria.

É dicir, que para pasar de etapa, de primaria a secundaria, hai que demostrar o dominio das competencias básicas, e para iso, o resultado das probas de avaliación individualizada será especialmente relevante. Non define a lei canto é especialmente relevante, pero o que é innegable é que as probas de avaliación, especialmente as de sexto, deben ser relevantes para pasar de etapa. Polo tanto, teñen o carácter de reválida.

Ademais, o currículo de primaria no **artigo 14.4** deixa ben claro que o resultado da avaliación final vai quedar recollido no historial académico do alumno ou alumna:

*O historial académico será estendido en impreso oficial, levará o visto e praxe da dirección e terá valor acreditativo dos estudos realizados. Como mínimo recollerá os datos identificativos do ou da estudante, as disciplinas cursadas en cada un dos anos de escolarización, os resultados da avaliación en cada convocatoria (ordinaria ou extraordinaria), as decisións sobre promoción e permanencia, a media das cualificacións obtidas en cada unha das áreas, **o nivel obtido na avaliación final de educación primaria**, a información relativa aos cambios de centro, as medidas curriculares e organizativas aplicadas e as datas en que se produciron os diferentes feitos.*

A FANPA reconece e valora que a Consellería está tratando de quitarlle o carácter avaliativo ás probas de primaria e convertelas en probas diagnósticas, incumprindo, por certo, a propia LOMCE. Pero non nos pode pedir vostede que o desenvolvemento autonómico da lei solvente a nosa oposición a unhas probas completamente fóra de lugar no proceso educativo, que todos os docentes e especialistas consideran antipedagóxicas, por un simple motivo que estou seguro que vostede acordará como razoable e que incluso apoiaría no noso lugar: se mañá temos outra Administración educativa, a LOMCE ampara que as probas de primaria poidan ser determinantes para pasar de etapa (de feito, acabamos de ver que é o que a lei determina). Vostede, igualmente, estará de acordo comigo en que este debate ten unha solución extremadamente sinxela e que pon fin ao conflito: modifíquese a lei neste punto, para que as probas non sexan un instrumento avaliativo determinante para pasar de etapa. Se a LOMCE dixera que as probas son diagnósticas e non avaliativas non estaríamos tendo esta discusión. Nós, mentres a LOMCE non se modifique nese apartado, manteremos a nosa oposición frontal ás reválidas.

Respecto á bondade da LOMCE, lei que segundo vostede pretende atallar o fracaso escolar, só podemos dicirlle que debería reflexionar por que a lei ten unha oposición maioritaria en todo o espectro ideolóxico. Eu pódolle argumentar algunhas razóns: porque os cidadáns miramos cara ao século XXI, onde fai falla creatividade, intelixencia e curiosidade, e son estes os ingredientes que brillan pola súa ausencia na LOMCE, onde no seu lugar atopamos reválidas (que non avalían ningunha destas competencias), relixión computable (que un só alumno non poida cursar estudos universitarios por culpa de que a relixión sexa computable na nota xa é motivo de rexeitamento absoluto da LOMCE), e porque como sociedade non nos podemos permitir o luxo de desperdiciar nin un gramo de talento, e a LOMCE o malgasta a mans cheas. Pero non é este nin o lugar nin o medio para establecer este debate. O que si lle podo recriminar é a incapacidade para reconecer erros, para trasladar á sociedade o que os membros do seu partido din de portas adentro, que esta lei é un desastre, que eles non a apoian, e que a defenden publicamente porque non lles queda outra. Se cre que así se convence á cidadanía, cambie o seu sociólogo asesor.

Tampouco gaña votos alentando aos seus para saír a colonizar e a conquistar as malévolas ANPA, tal como fixeron antes os desalmados da esquerda, que dominan o ámbito educativo e fan inútiles os esforzos da boa Consellería por levarnos a todos polo sendeiro dos xustos. A FANPA xa pasou por ese proceso, por se lle serve de aprendizaxe, e o resultado foi o rexeitamento da representatividade da FANPA respecto dos seus asociados, proceso que culminou coa elección desta Xunta Directiva. Sería curioso, realmente pechar o círculo, que se lle puidera acusar a vostede do mesmo que vostede acusa á esquerda.

A impresión que a min me queda despois desta reflexión que lle traslado é que vostede necesita urxentemente contactar coa cidadanía en primeira persoa, lonxe dos seus asesores, que parece que lle trasladan unha idea completamente acomplexada e chea de prexuízos sobre o que somos as ANPA. Nin politizadas, nin manipuladoras. O que nos ofende é que se nos acuse de facer política por exercer a cidadanía, porque cando a cidadanía se exerce inevitablemente se fai política. Pola contra, somos sinxelos cidadáns que traballamos totalmente gratis por que os seus fillos teñan a mellor educación posible. A Administración debería darnos bendicións eternas pois, coas nosas actividades e co noso traballo, complementamos todas aquelas competencias que o sistema educativo non pode acometer, facendo mellores persoas e mellores cidadáns. O progreso continuado da nosa sociedade democrática dan boa fe diso.

Ogallá estas pequenas reflexións lle fagan pensar.

Á súa disposición para traballar polo ben común.

Un saúdo cordial



Rogelio Carballo
Presidente da Federación de ANPA da provincia de Pontevedra